MALLORCA 2013

Mallorca é a illa máis grande do arquipélago balear, o cal forma unha comunidade autónoma uniprovincial. A súa capital é Palma. O relevo da illa está formado pola Serra da Tramuntana e a Serra de Levante. Na Serra da Tramuntana están os montes máis altos: o Puig Major (1495m), Massanella (1369m) e outros montes.
Todos os anos, a final de curso, os nenos de 6º facemos unha excursión a Palma de Mallorca. Dura unha semana, e para poder facela temos que vender rifas para recadar diñeiro.

O día 30 de maio collemos un bus cara Porto. Alí subimos ao avión, que nos levaría a Palma de Mallorca. Cando chegamos estabamos moi cansos.
O venres e o domingo fomos aos parques acuáticos Aqualand e Western Park. Pasámolo moi ben. Os seguintes días fomos á Fábrica de Vidro e ás Covas do Drach (onde había un lago subterráneo). Outro día collemos un barco en Sòller con destino a Sa Calobra, onde había unha praia de pedras. Á volta fomos en tranvía e en tren. Este levounos a Bunyola, e alí collemos o autobús cara o hotel. Outro día fomos ao Castelo de Bellver, e logo a Almudaina. Alí tivemos unha visita guiada polo edificio. O último día pola mañá fomos á praia, e pola tarde fomos de compras.
O 6 de xuño fomos ao aeroporto onde collemos un avión con destino a Porto, e dende alí chegamos a Santiago ás 20:00 onde nos estaban esperando os nosos familiares.
Gustounos moito a excursión e gustaríanos a moito volver.
Dámoslle as grazas aos nosos pais por permitirnos facer esta viaxe; e aos nosos profesores por acompañarnos. Sen eles, non poderiamos facer esta excursión tan marabillosa.

ALUMNADO DE 6º

Levamos no Colexio casi nove anos. En Infantil,cando chegamos, éramos uns enanos que c@s prof@s aprendemos, xogamos, rimos, choramos… ata esgotar a paciencia d@s mestr@s.
Tres anos despois empezamos Primaria e agora estamos a piques de rematar e empezar un novo camiño. Por iso, queremos lembrar aos profeso@s que nos deron clase e nos ensinaron a convivir, respetar, compartir, disfrutar, estudar…

A TODOS E TODAS, GRAZAS.

Aquí, no Colexio, temos moitísimos recordos, pero tamén está moi ben marchar cara ao Instituto, lembrando sempre o que aquí vivimos.
Os recordos da nosa nenez estarán sempre nestas clases, nos corredores, no comedor, nos patios, nos recreos, nos compañeiros/as… e en todo do que algún día falaremos con nostalxia.

Con ilusión pensamos no Instituto, onde estará o noso traballo a partir de Setembro. Haberá que madrugar máis, novos amigos, novas aulas e novos profesor@s. Os nosos soños de futuro poden ser moi diferentes, e afrontamos este novo reto con moitísima ilusión e ganas pero sempre lembrándonos do noso Colexio Pio XII.

ADEUS COLEXIO!
BENVIDO INSTITUTO!

ALUMNADO DE 6º